

FORMACIÓN EN MATERIAS FINANCEIRAS E DE SEGUROS PRIVADOS





LEXISLACIÓN

- **Real decreto 287/2021**, do 20 de abril, sobre formación e remisión da información estatístico-contable dos distribuidores de seguros e reaseguros (rd).
- **Resolución do 3 de xuño de 2021**, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se establecen os principios básicos dos cursos e programas de formación para os distribuidores de seguros e reaseguros (resolución).

ÁMBITO OBXECTIVO

Distribuidores de seguros e reaseguros

Persoal relevante dos distribuidores, no que están incluídos:

- Os empregados, colaboradores externos e todas as persoas que participen directamente na distribución.
- A persoa responsable da actividade ou, de ser o caso, as persoas que forman parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución dos mediadores de seguros e corredores de reaseguros persoas xurídicas.
- A persoa responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros ou, de ser o caso, as persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros do colaborador externo dos mediadores de seguros persoas xurídicas.

FORMACIÓN INICIAL

Tanto os distribuidores como o seu persoal relevante deben acreditar como requisito previo para o exercicio da actividade os coñecementos necesarios mediante a superación dos cursos de formación en materias financeiras e de seguros privados co contido e duración en función das seguintes categorías:

- **NIVEL 1**
- **NIVEL 2**
- **NIVEL 3**

FORMACIÓN CONTINUA

Pode ser impartida por distribuidores, universidades e persoas ou entidades externas certificadoras de formación, que deberán dispoñer de procedementos de avaliación presencial ou a distancia que acrediten o aproveitamento dos cursos.

Duración:

Niveis 1 e 2, duración mínima de 25 horas lectivas anuais.

Nivel 3, duración mínima de 15 horas lectivas anuais.

A obriga aplícase a partir do ano seguinte a aquel no que se accedese ao exercicio da actividade.

Para cada período anual os distribuidores deben elaborar unha **memoria** co contido dos programas de formación continua, a súa duración e as persoas que a recibiron. A memoria estará a dispor da administración competente.



NIVEL 1

Duración: mínimo 300 horas.

Persoas obrigadas:

- ❖ Corredores de seguros persoas físicas.
- ❖ Persoa responsable da actividade de distribución ou, de ser o caso, polo menos a metade das persoas do órgano dirección responsable da actividade de distribución dos corredores de seguros persoas xurídicas.

Requisitos previos para participar no curso:

Título de bacharel ou equivalente.

Programa :

Anexo I da resolución do 3 de xuño de 2021.



NIVEL 2

Duración: 200 horas lectivas.

Persoas obrigadas:

- ❖ Axentes de seguros persoas físicas e a persoa responsable da actividade ou, de ser o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade no caso das persoas xurídicas, sempre que presten asesoramento.
- ❖ Os empregados dos mediadores de seguros e de reaseguros que presten asesoramento.
- ❖ Os colaboradores externos persoas físicas e a persoa responsable da actividade de colaboración coa distribución ou, de ser o caso, polo menos a metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de colaboración no caso das persoas xurídicas, así como os seus empregados, sempre que presten asesoramento.

Requisitos previos para participar no curso:

Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

Programa :

Anexo II da resolución do 3 de xuño de 2021.



NIVEL 3

Duración: 150 horas lectivas.

Persoas obrigadas:

- ❖ Os axentes de seguros persoas físicas e a persoa responsable da actividade ou, de ser o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade no caso das persoas xurídicas, se proporcionan información.
- ❖ Os empregados dos mediadores de seguros e de reaseguros, se proporcionan información.
- ❖ Os colaboradores externos persoas físicas e a persoa responsable da actividade de colaboración coa distribución ou, de ser o caso, polo menos a metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de colaboración no caso das persoas xurídicas, así como os seus empregados, se proporcionan información.

Requisitos previos para participar no curso:

Non se esixen.

Programa :

Anexo III da resolución do 3 de xuño de 2021.



Organizadores/as dos cursos niveis 1, 2 e 3:

- ❖ Distribuidores de seguros e reaseguros.
- ❖ Universidades públicas e privadas.
- ❖ Persoas ou entidades externas certificadoras de formación.

Requisitos para organizar os cursos:

- **Distribuidores para o seu persoal relevante:** dispoñer de medios humanos e materiais, procedementos e estrutura organizativa que aseguren que dito persoal conta cos coñecementos e aptitudes esixidos.
- **Distribuidores para persoas distintas ao seu persoal relevante, universidades públicas ou privadas e persoas ou entidades externas certificadoras de formación:** dispoñer de medios técnicos e humanos para organizar e avaliar os coñecementos e aptitudes, dispoñer dunha política de conflitos de interese, elaborar un programa de formación dos cursos, unha memoria anual dos cursos realizados e un rexistro da formación impartida.



Obrigas dos organizadores/as:

Do Nivel 1:

Solicitar autorización previa á administración competente.

Remitir unha memoria anual á administración competente coa relación de persoas que superaron o curso, documentación do contido das avaliacións ou exame e o grao de cumprimento.

Dos Niveis 2 e 3:

Os distribuidores de seguros terán a dispor da administración competente unha **memoria anual** na que se detallará o contido do curso, persoas que o superaron, sistemas de avaliación e documentación correspondente.

As universidade públicas ou privadas e as persoas ou entidades externas certificadoras **comunicarán** os datos identificativos, o tipo de curso que pretendan organizar, e terán a dispor da administración competente unha **memoria anual** na que se detallarán os mesmos puntos que se especifican para os distribuidores de seguros.

A administración competente poderá requirir que se efectúen as modificacións no contido dos programas e nos medios precisos para a súa organización e impartición, co fin de adecualos ao deber de formación.



Procedemento de avaliación e forma de acreditación dos coñecementos

Mediante **probos ou exames** que incluírán cuestións teóricas e prácticas sobre o programa.

As avaliacións ou exames poderán non ser presenciais.

A acreditación do aproveitamento do curso será mediante a expedición dun **certificado** emitido polo responsable da dirección do curso.

Os distribuidores deben manter **registros** relativos á acreditación dos seus coñecementos e aptitudes, así como do persoal relevante; debe constar para cada persoa o establecido no artigo 13 do real decreto.

Recoñecemento de coñecementos previos

No caso de posesión do título oficial universitario ou de FP, **redución** do contido e duración dos cursos nos contidos coincidentes.

Para as persoas físicas que acrediten o efectivo exercicio da actividade como mediadores de seguros residentes ou domiciliados en outros estados membros da UE distintos a España, **equiparación** da superación dos cursos.

A superación de calquera dos módulos que integran o programa **eximirá** da obriga de ter que volver a superar eses mesmos módulos.

A superación das materias formativas e que sexan coincidentes coas materias dos programas de formación **eximirá** da obriga de ter que volver a superar esas mesmas materias para acceder a calquera dos niveis.



Réxime de adaptación ás obrigas de formación (**Disposición adicional única do rd**):

- O **diploma de mediador de seguros titulado** ten os mesmos efectos que a superación do curso Nivel 1.
- As persoas que con anterioridade a entrada en vigor do real decreto 287/2021 dispoñan dun **título do grupo A** non terán que realizar o curso do nivel 1. As que dispoñan dun **título do grupo B** non terán que realizar os cursos dos niveis 2 e 3.
- As persoas que con anterioridade a entrada en vigor do real decreto 287/2021 dispoñan dun **título do grupo C**, non terán que volver a superar os módulos coincidentes con materias do programa de formación para o nivel 3. Poderán participar da distribución proporcionando **información, non asesoramento**, e disporán dun **prazo que remata o 22 de abril de 2022 para completar o curso previsto para o nivel 3**, baixo a dirección e responsabilidade do distribuidor por conta do que actúen.
- Os **certificados** emitidos polo responsable da dirección do curso e, no caso de probas de aptitude, polo Consello Xeral de Colexios de Mediadores de Seguros acreditando a súa superación, emitidos **conforme á lei 26/2006** terán os mesmos efectos de superar o curso para o acceso aos niveis 1 e 2. No caso dos certificados correspondentes ao grupo C estarase ao establecido no parágrafo anterior.